



Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE

# “Memoria das actividades realizadas no ano 2022”

ALCER Ourense: CIF: G-32.011.041,  
Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982  
Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública  
nº rexistro de entidades voluntarias O-44  
Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense  
Tfno: 988 229 615 / 663 780 330  
alcerourense@hotmail.com – www.alcerourense.com  
Facebook: asociacion.alcer.ourense – Twitter: @AlcerOurense



Asociación para a Loita Contra  
as Enfermidades Renais de Ourense

## FINANCIAN:

**PROGRAMA ALCER INFORMA:**



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
POLÍTICA SOCIAL  
E XUVENTUDE

**PROGRAMA ALCER CONTIGO:**



**PROGRAMA ALCER AXUDA:**



**PROGRAMA NUTRI ALCER:**



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
PROMOCIÓN DO  
EMPREGO E IGUALDADE



Asociación para a Loita Contra  
as Enfermidades Renais de Ourense

ALCER Ourense: CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982  
Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44  
Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330  
[alcerourense@hotmail.com](mailto:alcerourense@hotmail.com) – [www.alcerourense.com](http://www.alcerourense.com) – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense) – Twitter: [@AlcerOurense](https://twitter.com/AlcerOurense)



Asociación para a Loita Contra  
as Enfermidades Renais de Ourense

## ÍNDICE

1. ALCER OURENSE .....	6
2. PROGRAMA “ALCER INFORMA” .....	9
<b>ATENCIÓN SOCIAL</b> .....	<b>9</b>
<b>SINATURA DE CONVENIO CON TRABAZOS SPORT &amp; SPA</b> .....	<b>12</b>
<b>SINATURA DE CONVENIO CON CLÍNICA FISIONÉTICA</b> .....	<b>12</b>
<b>ACOMPANÑAMENTO DE PACIENTES</b> .....	<b>12</b>
3. PROGRAMA “ALCER CONTIGO” .....	13
<b>APOIO SOCIAL</b> .....	<b>14</b>
APOIO DIRECTO A PERSOAS VULNERABLES, FAMILIARES E COLABORADORES .....	14
GRUPO DE CONVIVENCIA/APOIO “DA TÚA MAN” .....	15
VISITAS A CENTROS DE DIÁLISE .....	16
APOIO ÁS UNIDADES DE DIÁLISE .....	17
ORIENTACIÓN ÁS PERSOAS CON ERC E AOS SEUS FAMILIARES CON INFORMACIÓN, RECURSOS E SERVIZOS.....	17
INFORMACIÓN A PERSOAS CON ERC, PREVENCIÓN DA MESMA E FOMENTO DA DOAZÓN DE ÓRGANOS EN REDES SOCIAIS .....	18
<b>PREVENCIÓN DA ENFERMIDADE RENAL</b> .....	<b>19</b>
DIA MUNDIAL DO RIL.....	19
DÍA DO CANCRO RENAL .....	21
PASEO DA SAÚDE EN BARBADÁS.....	22
<b>FOMENTO DA DOAZÓN DE ÓRGANOS</b> .....	<b>24</b>
DÍA NACIONAL DO TRANSPLANTE .....	24
DÍA NACIONAL DO DOADOR.....	24
CHARLAS DE PREVENCIÓN DA ENFERMIDADE RENAL E DOAZÓN DE ÓRGANOS .....	26
4. PROGRAMA ALCER AXUDA .....	29
5. PROGRAMA “NutriALCER” .....	30
<b>ATENCIÓN NUTRICIONAL</b> .....	<b>30</b>
<b>OBRADOIROS DE NUTRICIÓN</b> .....	<b>30</b>

ALCER Ourense: CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982

Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44

Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330

[alcerourense@hotmail.com](mailto:alcerourense@hotmail.com) – [www.alcerourense.com](http://www.alcerourense.com) – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense) – Twitter: [@AlcerOurense](https://twitter.com/AlcerOurense)



Asociación para a Loita Contra  
as Enfermidades Renais de Ourense

6. PROGRAMA “CONVIVE CON ALCER” .....	32
40 ANIVERSARIO DE ALCER .....	32
COMIDA ANUAL DO MAGOSTO.....	33
7. PROGRAMA “COLABORA CON ALCER” .....	34
8. PROXECTO “NefroHumana” .....	35
9. ACTIVIDADES EN COLABORACIÓN COAS FEDERACIÓNS .....	35
COGAMI E FEDERACIÓN DISCAFIS-COGAMI.....	36
FEDERACIÓN ALCER GALICIA .....	37
FEDERACIÓN NACIONAL ALCER.....	51
10. OUTRAS ACTIVIDADES NAS QUE PARTICIPAMOS.....	52
PROXECTO GALI-ON.....	52
DÍA INTERNACIONAL DA MULLER: EMPRENDEDORAS.....	52
ÁGORA DA SAÚDE .....	53
20 ANIVERSARIO ASOCIACIÓN DIABÉTICA AURIA.....	54
PRESENTACIÓN DE SERVIZOS DE ALCER EN NEFROLOXÍA DO CHUO.....	54
PRESENTACIÓN DE SERVIZOS DE ALCER ALUMNADO DIVINO MAESTRO.....	55
CONSELLO ASESOR DE PACIENTES DO CHUO.....	56
APERTURA DE NOVO CURSO LEONÍSTICO.....	56
1º ANDAINA POLA SAÚDE .....	57
I XORNADAS DE HUMANIZACIÓN DO CHUO .....	58
CAMPAÑA POLO DÍA DA DISCAPACIDADE .....	58
11. ASISTENCIA A ACTOS E REUNIÓNS .....	60
12. RECURSOS MATERIAIS E PERSOAIS .....	63
NOTICIAS DE PRENSA 2022.....	64
ENQUISA DE SATISFACCIÓN ANUAL .....	83
COLABORADORES .....	84
ECONOMÍA 2022.....	87

ALCER Ourense: CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982

Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44

Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330

[alcerourense@hotmail.com](mailto:alcerourense@hotmail.com) – [www.alcerourense.com](http://www.alcerourense.com) – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense) – Twitter: [@AlcerOurense](https://twitter.com/AlcerOurense)



Asociación para a Loita Contra  
as Enfermidades Renais de Ourense

## **1. ALCER OURENSE**

**Nome:** ALCER Ourense (Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de Ourense)

**CIF:** G-32.011.041

**Enderezo:**

Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS AIXIÑA

32.005 (OURENSE)

Tlf: 988 229 615 /663 780 330

[alcerourense@hotmail.com](mailto:alcerourense@hotmail.com)

**Data de Constitución:** 29 de xaneiro de 1982, ONG de carácter sanitario e social, non lucrativa, declarada de utilidade pública.

**Nº Rexistro de Entidades Voluntarias:** O-44

**Nº Rexistro Provincial:** 277

**Responsable:** M<sup>a</sup> Teresa Pereira González (Presidenta da Asociación)

**Compoñentes do Órgano de Goberno:**

**Presidenta:** M<sup>a</sup> Teresa Pereira González

**Vicepresidenta:** Ángela Rodríguez Sánchez

**Secretaria:** M<sup>a</sup> Luz Grande Blanco

**Tesoureiro:** Antonio Rodríguez Rodríguez

**Primeira Vocal:** Leopoldina Losada Rey

**Número de socios:** 127 (90 numerarios e 37 colaboradores)

ALCER Ourense: CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982

Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44

Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330

[alcerourense@hotmail.com](mailto:alcerourense@hotmail.com) – [www.alcerourense.com](http://www.alcerourense.com) – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense) – Twitter: [@AlcerOurense](https://twitter.com/AlcerOurense)



Asociación para a Loita Contra  
as Enfermidades Renais de Ourense

**ALCER Ourense é unha asociación de carácter social e sen ánimo de lucro** que ten como **finalidade xeral**, contribuír á atención **moral e física e social de modo integral** de todas aquelas persoas afectadas de enfermidades renais así como a dos seus familiares, mellorando a súa calidade de vida, tentando previr as enfermidades do ril mediante o desenvolvemento de actividades de **sensibilización e concienciación**.

A Asociación está composta por **persoas con enfermidade renal crónica, en tratamento de diálise, transplante de ril** e persoas sensibilizadas con este tipo de enfermidade e a súa problemática. O número actual de socios é de 127 membros, dos cales 90 son socios numerarios (enfermos de ril) e 37 socios colaboradores.

O traballo que leva a cabo esta Asociación, a través de tódalas actividades programadas ó longo do ano, é totalmente desinteresado; tratando de:

- ✓ **Sensibilizar** o conxunto da sociedade e fomentar a doazón de órganos, a través de campañas de sensibilización e concienciación da Insuficiencia Renal Crónica Terminal (IRCT)
- ✓ **Ofrecer** atención a tódolos enfermos renais e ás súas familias (económica, social e psicolóxica) dun xeito integral.
- ✓ **Promover** un estado de opinión favorable cara o enfermo renal coa finalidade de conseguir a total integración deste colectivo en tódolos ámbitos da vida.
- ✓ **Subsanar e paliar** posibles carencias que presenta a administración ou onde esta non pode chegar.

ALCER Ourense: CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982

Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44

Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330

[alcerourense@hotmail.com](mailto:alcerourense@hotmail.com) – [www.alcerourense.com](http://www.alcerourense.com) – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense) – Twitter: [@AlcerOurense](https://twitter.com/AlcerOurense)



Asociación para a Loita Contra  
as Enfermidades Renais de Ourense

Queridos amigos/as, esta memoria que vos entregamos, resume os proxectos e actividades que a Asociación Alcer Ourense levou a cabo no ano 2022, estas actividades son froito do empeño e a loita de moitas persoas que de xeito anónimo fixeron posible que hoxe, ALCER OURENSE sexa unha realidade .

Dende Alcer Ourense desexamos manifestar todo o noso agradecemento, a todas aquelas persoas, institucións públicas e persoas anónimas sen as cales sería imposible realizar este labor, xa que é un traballo de equipo, no que todos e todas as que formamos parte de Alcer colaboramos poñendo o noso grao de area.

Porque só froito da unión e traballo de todos/as os que fan Alcer Ourense (socios, colaboradores, amigos e profesionais a través das súas ideas, horas de traballo así como unha dedicación de xeito altruísta) fan posible que Alcer Ourense, sexa hoxe un referente non só para aquelas persoas que teñen enfermidade renal senón para a sociedade Ourenzá en xeral.

Unha vez máis a Asociación Alcer Ourense, foi capaz de cumprir os seus obxectivos, todo dende o máximo respecto e vocación de servicio.

A todos/as gracias

**M<sup>a</sup> Teresa Pereira González**  
**Presidenta de Alcer Ourense**





Asociación para a Loita Contra  
as Enfermidades Renais de Ourense

## 2. PROGRAMA “ALCER INFORMA”

(Atención social e asesoramento especializado II)

### **ATENCIÓN SOCIAL**

Este programa, financiado polo 0,7% do IRPF concedido a COGAMI e que foi parcialmente executado pola nosa entidade, foi realizado por unha diplomada en traballo social ó longo de todo o ano desenvolvéndose diferentes e diversas actividades encamiñadas a conseguir os obxectivos mencionados anteriormente.

**A traballadora social é unha figura imprescindible para a realización de tódalas actividades previstas pola asociación e deste modo lograr alcanzar os obxectivos propostos pola asociación.**

Esta actividade levouse a cabo ao longo de todo o proxecto e sen a cal non podíamos realizar outras actividades. As funcións e actividades desenroladas pola traballadora social de Alcer foron:

#### **1º Funcións terapéuticas / asistenciais.**

Directas: intervención social co propio afectado/a.

Indirectas: Intervención co entorno, removendo os obstáculos para o normal funcionamento.

#### **2º Sociais:**

Acompañamento e atención a pacientes en hemodiálise e diálise peritoneal.

- **Avaliación** a través de informes e entrevistas precisos, as demandas e necesidades sociais e individuais dos enfermos.
- **Diagnóstico, orientación e tratamento** dos problemas sociais dos usuarios e usuarias.
- **Asesoramento e tratamento social** dos pacientes ou familiares a petición propia ou ben dos equipos asistenciais.
- **Coordinación con outros servizos** (públicos e privados) a fin de canalizar adecuadamente a problemática social.
- **Información**, dando a coñecer ó usuario os recursos sociais ós que pode optar así como ós que ten dereito, atendendo á súa situación específica.

ALCER Ourense: CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982

Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44

Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330

[alcerourense@hotmail.com](mailto:alcerourense@hotmail.com) – [www.alcerourense.com](http://www.alcerourense.com) – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense) – Twitter: [@AlcerOurense](https://twitter.com/AlcerOurense)



Asociación para a Loita Contra  
as Enfermidades Renais de Ourense

O servizo de información, orientación e asesoramento cobre entre outras as seguintes demandas:

- ✓ Certificados de discapacidade
  - ✓ Vacacións e Turismo Social
  - ✓ Servizo de Axuda a Domicilio
  - ✓ Teleasistencia Domiciliaria
  - ✓ Reintegro de gastos do SERGAS: transporte adaptado e medicamentos
  - ✓ Pensións da Seguridade Social (contributivas e non contributivas)
  - ✓ Axudas económicas (Xunta, Concello)
  - ✓ Axudas técnicas (cadeiras de rodas, muletas...)
  - ✓ Bonificacións por discapacidade.
  - ✓ IRPF Familias Numerosas, carné de familia numerosa.
  - ✓ Vehículos adaptados.
- **Visitas a Domicilio** Ás zonas máis afastadas do núcleo urbano, a aquelas persoas que debido á súa situación xeográfica teñan máis dificultade para acceder ós recursos e así coñecer as posibles necesidades ou carencias sociais que poden padecer e solventalas.

Por outra banda, tamén se atenden consultas dos 450 pacientes en consulta nefrolóxica de ERCA (Enfermedad Renal Crónica Avanzada) e de persoas transplantadas.

As consultas atendidas e xestións realizadas pola traballadora social foron 409, e sobre temáticas como vacacións para persoas en diálise, trámites para solicitar a doazón de órganos, do corpo a ciencia, de médula ósea, prestacións de dependencia, reintegro de gastos do SERGAS, os servizos propios da entidade, incapacidade e certificado de minusvalía, servizos de axuda a domicilio, realizáronse derivacións a outros organismos, e abríronse expedientes de varios pacientes coa conseguinte elaboración de historia social e seguimento, entre outras.

[ALCER Ourense](#): CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982  
Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44  
Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixaña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330  
[alcerourense@hotmail.com](mailto:alcerourense@hotmail.com) – [www.alcerourense.com](http://www.alcerourense.com) – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](#) – Twitter: [@AlcerOurense](#)





Asociación para a Loita Contra  
as Enfermidades Renais de Ourense

## SINATURA DE CONVENIO CON TRABAZOS SPORT & SPA

Existen varios piares sobre os que entendemos que se teñen que fundamentar os coidados na enfermidade renal complementarios aos coidados sanitarios, sendo un deles o do exercicio físico, xunto coa alimentación, a atención psicolóxica e a social. Por este motivo a nosa entidade asinou un [Convenio](#) co ximnasio Trabazos Sport & Spa en Ourense para que as persoas socias da entidade poidan beneficiarse de descontos tanto no uso individual da piscina como nun grupo específico de aquagym para persoas con enfermidade renal.



## SINATURA DE CONVENIO CON CLÍNICA FISIONÉTIKA

A nosa asociación tivo a oportunidade de asinar un [Convenio](#) coa clínica de fisioterapia Fisionética, para que os socios e socias, así como persoas colaboradoras da asociación poidan beneficiarse dos tratamentos profesionais que ofrecen, co obxectivo de mellorar a súa saúde cun desconto nas tarifas da clínica.



## ACOMPAÑAMENTO DE PACIENTES

É un servizo que está destinado a pacientes con enfermidade renal crónica avanzada e ós seus familiares ou coidadores, previo á entrada en tratamento renal substitutivo, e que se pon a disposición do servizos de nefroloxía e consultas ERCA co fin de apoiar o proceso asistencial e no que pacientes que xa pasaron polo proceso apoian a persoas que o están iniciando.

[ALCER Ourense](#): CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982

Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44

Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixaña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330

[alcerourense@hotmail.com](mailto:alcerourense@hotmail.com) – [www.alcerourense.com](http://www.alcerourense.com) – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense) – Twitter: [@AlcerOurense](https://twitter.com/AlcerOurense)



Asociación para a Loita Contra  
as Enfermidades Renais de Ourense

### **3. PROGRAMA “ALCER CONTIGO”**

(Programa de orientación e apoio social na ERC)

No mes de marzo de 2020 foi declarado un estado de alarma en toda España debido ao virus SARS-Cov-2, que provocou unha pandemia mundial, deixando ao seu paso milleiros de persoas enfermas de Covid-19 e familias desoladas polos falecementos que provocou.

Co estado de alarma toda a cidadanía estivo sometida a restricións de movemento que nos obrigaron a permanecer confinadas nos nosos domicilios, non podendo máis que saír para a realización de actividades esenciais, como ir ao supermercado ou á farmacia.

No mes de xuño comezamos a volver á “nova normalidade”, xa finalizando o período do estado de alarma, podendo saír a dar paseos e reabrindo pouco a pouco o comercio e as actividades presenciais.

Como era de esperar, chegado o outono, veu unha segunda onda da pandemia, que volveu provocar a declaración dun novo estado de alarma que desta vez implicou un toque de queda de 23h a 6h e as restricións de grupo a un máximo de 6 persoas e que foi, en xeral, menos restritivo que o anterior. Indicar que neste período o Goberno galego xa tiña competencias para ir asumindo algunhas decisións, e incluso decidiu impedir as reunións entre persoas non convivintes en moitos concellos de Galicia.

Esta situación provocou que as persoas con enfermidade renal, colectivo no que se centra a nosa actividade, estivesen con medo por ser un colectivo especialmente vulnerable á Covid-19 e que, esta pandemia, lonxe de parar a nosa actividade, reforzou a atención que se deu por parte do persoal técnico e voluntariado da asociación, creando este Programa para afrontar os cambios que supuxo esta nova situación, a través das seguintes actividades:

ALCER Ourense: CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982

Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44

Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330

[alcerourense@hotmail.com](mailto:alcerourense@hotmail.com) – [www.alcerourense.com](http://www.alcerourense.com) – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense) – Twitter: [@AlcerOurense](https://twitter.com/AlcerOurense)



Asociación para a Loita Contra  
as Enfermidades Renais de Ourense

## APOIO SOCIAL

# APOIO DIRECTO A PERSOAS VULNERABLES, FAMILIARES E COLABORADORES

Xa uns días antes da declaración do estado de alarma e vendo a situación sanitaria na que estaba entrando o país a Xunta Directiva solicitoulle ao persoal técnico da asociación que comezase a desenvolver as tarefas mediante o teletraballo, comezando nun primeiro momento a prestar apoio emocional e orientación en relación á nova situación con todas as persoas de alta na base de datos da entidade.

As chamadas de apoio que se levaron a cabo foron, como é lóxico, máis intensas nas primeiras semanas e meses do confinamento, relaxando o ritmo a medida que se ían relaxando as medidas e na nova normalidade.

Durante as chamadas falamos con todos os socios e socias da asociación, prestando apoio emocional, verificando as condicións nas que se estaban desprazando e sometendo aos diferentes tratamentos de diálise, interesándonos polo estado de saúde en xeral e polo psicolóxico en particular.

Detectadas as necesidades de cada unha das persoas coas que contactamos, as que eran susceptibles de consulta foron atendidas a través do programa de atención social e as que non puideron ser atendidas na asociación directamente foron derivadas aos servizos oportunos das Federacións nas que estamos asociados.

Os resultados das chamadas de apoio realizadas durante o ano 2022 ás persoas son os seguintes:

- ✓ 61 chamadas a persoas en Consulta especializada (sexa renal ou dunha especialidade relacionada, como uroloxía, por exemplo)
- ✓ 15 chamadas a persoas en diálise peritoneal
- ✓ 67 chamadas a persoas en hemodiálise (hospitalaria ou domiciliaria)
- ✓ 150 chamadas a persoas transplantadas (inmunodeprimidas)
- ✓ 97 chamadas a persoas colaboradoras (entre os/as que se inclúen familiares)

ALCER Ourense: CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982

Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44

Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330

[alcerourense@hotmail.com](mailto:alcerourense@hotmail.com) – [www.alcerourense.com](http://www.alcerourense.com) – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense) – Twitter: [@AlcerOurense](https://twitter.com/AlcerOurense)



Asociación para a Loita Contra  
as Enfermidades Renais de Ourense

## GRUPO DE CONVIVENCIA/APOIO “DA TÚA MAN”

O xoves, 27 de outubro ás 17h da tarde, demos comezo ao grupo de convivencia / apoio “ Da túa man” dirixido pola traballadora social da entidade.

Un grupo de persoas reúnese de maneira periódica para compartir vivencias, realizar actividades de ocio e compartir experiencias particulares con outras persoas coa súa mesma problemática. É unha estratexia dirixida á cooperación, apoio e convivencia entre persoas con enfermidade renal crónica e familiares, podendo desta maneira contribuír a que cada persoa poida mellorar a súa competencia á hora de adaptarse á enfermidade renal e afrontar posibles complicacións futuras.

- |1ª sesión: 27 de outubro. Nesta primeira sesión contamos coa participación de 7 persoas.



- |2ª sesión: 24 de novembro. Nesta sesión contamos coa participación de 8 persoas.



- |3ª sesión: 20 de decembro. Nesta sesión contamos coa participación de 7 persoas.

ALCER Ourense: CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982


Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44

Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330

[alcerourense@hotmail.com](mailto:alcerourense@hotmail.com) – [www.alcerourense.com](http://www.alcerourense.com) – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense) – Twitter: [@AlcerOurense](https://twitter.com/AlcerOurense)



Asociación para a Loita Contra  
as Enfermidades Renais de Ourense



## VISITAS A CENTROS DE DIÁLISE

Despois de dous anos de parón debido á pandemia da COVID-19, no mes de setembro de 2022 retomamos as visitas ás salas de diálise do Complexo Universitario de Ourense ( CHUO).

Nestas visitas realizamos unha escoita activa ás persoas con enfermidade renal crónica que se atopan en tratamento renal substitutivo. Estas visitas serven en moitos casos para detectar posibles necesidades que precisan ser cubertas ou demandas de pacientes que se xestionan dende a asociación. Estas visitas realizáronse o 1º martes e 2º mércores de cada mes, coincidindo coa atención presencial que facemos no hospital no espazo asociativo que nos habilitou o hospital para as asociacións.

No transcurso do ano 2022, realizáronse un total de 12 visitas ás diferentes quendas e salas de hemodiálise, así como á unidade de diálise peritoneal.



ALCER Ourense: CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982

Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44

Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330

[alcerourense@hotmail.com](mailto:alcerourense@hotmail.com) – [www.alcerourense.com](http://www.alcerourense.com) – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense) – Twitter: [@AlcerOurense](https://twitter.com/AlcerOurense)





Asociación para a Loita Contra  
as Enfermidades Renais de Ourense

## **APOIO ÁS UNIDADES DE DIÁLISE**

Ademais do apoio que se lles deu a todos e todas as persoas de alta na nosa base de datos, nestes momentos tan difíciles para o persoal sanitario, considerouse necesario tamén prestarlles apoio emocional dende a asociación, realizando chamadas periódicas ao persoal de enfermería das unidades de diálise do CHUO, ao que se fixeron un total de 13 chamadas ao longo do ano.

Por outra banda, dada a alta incidencia da COVID-19 nas persoas con ERC, que é maior que na poboación xeral, considerouse necesario realizar un seguimento do transporte sanitario e do funcionamento das salas de diálise en canto á correcta implantación de todas as medidas sanitarias necesarias para evitar contaxios.

Unha vez detectadas as demandas foi preciso poñernos en contacto coa Xerencia do CHUO para intermediar nun asunto concreto de recollida de pacientes en ambulancia: falouse co CHUO para que as ambulancias recollan a cuberto as persoas que usan transporte colectivo, xa que estaban sendo recollidas nun lugar onde non podían recollese da chuvia, vento ou do sol. O resultado foi que se cambiou o sentido da vía de tal xeito que agora poden acollerse baixo unha marquesina.

## **ORIENTACIÓN ÁS PERSOAS CON ERC E AOS SEUS**

### **FAMILIARES CON INFORMACIÓN, RECURSOS E SERVIZOS**

Durante todo o ano, enviouse información a usuarios/as sobre normativas, recursos, servizos, actividades educativas, etc de interese para persoas con enfermidade renal. A devandita información chegou á nosa entidade a través das diferentes Federacións ás que está adherida ALCER Ourense, por correo electrónico ou foi directamente recollida polo persoal da entidade mediante busca en redes sociais e na web. Logo de determinar se a información era de interese, preparouse un envío que foi remitido via correo electrónico a parte dos e das usuarias de ALCER e vía lista de difusión de whatsapp ao resto, garantindo ambos sistemas a privacidade das persoas destinatarias para o resto. Esta información proporcionou a base da orientación que o persoal técnico de ALCER ofertou ás

ALCER Ourense: CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982

Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44

Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330

[alcerourense@hotmail.com](mailto:alcerourense@hotmail.com) – [www.alcerourense.com](http://www.alcerourense.com) – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense) – Twitter: [@AlcerOurense](https://twitter.com/AlcerOurense)



Asociación para a Loita Contra  
as Enfermidades Renais de Ourense

persoas vinculadas á asociación. Ao longo do ano enviáronse un total de 147 correos electrónicos e whatsapp a socios e socias.

Ademais, fíxose envío, en papel a aquelas persoas que o solicitaron, e vía whatsapp ou correo electrónico ao resto de socios e socias, da revista trimestral que edita a Federación Nacional ALCER, na que podemos atopar artigos de interese para persoas con enfermidade renal, que van dende entrevistas a artigos científicos sobre tratamentos, doazón de órganos, estudos, etc.

## **INFORMACIÓN A PERSOAS CON ERC, PREVENCIÓN DA MESMA E FOMENTO DA DOAZÓN DE ÓRGANOS EN REDES SOCIAIS**

Ao longo de todo o ano as redes sociais da asociación, Facebook: @asociacion.alcer.ourense e Twitter: @AlcerOurense, foron actualizadas diariamente, en días laborábeis, con información relevante sobre actividades, a enfermidade renal crónica, a prevención da mesma ou a doazón de órganos. Ademais, publicouse información sobre axudas, servizos e programas externos, de organismos públicos e outras entidades, que podían ser de interese para as persoas con enfermidade renal, e como non, tamén algunha información relacionada coa pandemia.

En relación á información transmitida polas redes sociais, indicar que o número de seguidores en cada unha delas a 31 de decembro é o seguinte:

	<b>FACEBOOK</b>	<b>TWITTER</b>
Seguidores 31/12/2021	654	501
Seguidores 31/12/2022	715	519

ALCER Ourense: CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982

Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44

Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330

[alcerourense@hotmail.com](mailto:alcerourense@hotmail.com) – [www.alcerourense.com](http://www.alcerourense.com) – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense) – Twitter: @AlcerOurense



Asociación para a Loita Contra  
as Enfermidades Renais de Ourense

## PREVENCIÓN DA ENFERMIDADE RENAL

### DIA MUNDIAL DO RIL

No Día Mundial do Ril 2022, celebrado o 10 de marzo, levamos a cabo unha campaña virtual de prevención na que elaboramos infografías con información sobre a enfermidade renal crónica e que foron publicadas nas nosas redes sociais: facebook e twitter.



ALCER Ourense: CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982  
Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44  
Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330  
[alcerourense@hotmail.com](mailto:alcerourense@hotmail.com) – [www.alcerourense.com](http://www.alcerourense.com) – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense) – Twitter: [@AlcerOurense](https://twitter.com/AlcerOurense)



Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de Ourense



A través das nosas redes sociais solicitamos colaboración dos nosos socios /as e da cidadanía para participar na campaña #AmosaOsTeusRiles / #MuestraTusRiñones, elaborando varios collage que foron colgados en Facebook e Twitter da asociación.



ALCER Ourense: CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982  
Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44  
Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330  
[alcerourense@hotmail.com](mailto:alcerourense@hotmail.com) – [www.alcerourense.com](http://www.alcerourense.com) – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense) – Twitter: [@AlcerOurense](https://twitter.com/AlcerOurense)



Asociación para a Loita Contra  
as Enfermidades Renais de Ourense

De xeito presencial, colocamos nas instalacións do Complexo Hospitalario de Ourense unha mesa informativa na que demos información sobre a enfermidade renal, causas, prevención e tratamentos. Ás 11:15 da mañá abrimos a nosa mesa co responsable do hospital, persoal sanitario e non sanitario dos diferentes servizos de nefroloxía implicados así como de traballo social.



## DÍA DO CANCRO RENAL

O 16 de xuño celebrouse o Día Mundial do Cancro Renal. Este ano colaborouse coa Federación Nacional ALCER coa difusión a través dunha campaña informativa con diferentes actividades:

- Mesa informativa no CHUO, á que se achegaron humanización e representantes das varias especialidades que poderían estar implicadas nun proceso de cancro renal: uroloxía, oncoloxía, nefroloxía, farmacia e traballo social.



ALCER Ourense: CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982

Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44

Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330

[alcerourense@hotmail.com](mailto:alcerourense@hotmail.com) – [www.alcerourense.com](http://www.alcerourense.com) – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense) – Twitter: [@AlcerOurense](https://twitter.com/AlcerOurense)



Asociación para a Loita Contra  
as Enfermidades Renais de Ourense

- Difusión de 11 infografías propias sobre o cancro renal entre os días 6 e 16 de xuño nas redes sociais da asociación



## PASEO DA SAÚDE EN BARBADÁS

O 24 de maio a coordinadora de ALCER Ourense participou na roda de prensa organizada polo Concello de Barbadás co obxectivo de presentar a actividade, na mesa estiveron presentes a Vicealcaldesa de Barbadás, a Concelleira de Sanidade, a Presidenta da Asociación Diabética Auria e o coordinador de Protección civil do Concello; o resto de entidades participantes estivemos acompañando o acto.



Imaxe cedida polo Concello de Barbadás

ALCER Ourense: CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982  
Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44  
Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330  
[alcerourense@hotmail.com](mailto:alcerourense@hotmail.com) – [www.alcerourense.com](http://www.alcerourense.com) – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense) – Twitter: [@AlcerOurense](https://twitter.com/AlcerOurense)



Asociación para a Loita Contra  
as Enfermidades Renais de Ourense

O 3 de xuño a nosa asociación, en colaboración co Concello de Barbadás, participou no Paseo pola saúde. Neste evento compartimos espazo con outra quincena de asociacións e entidades, ademais realizáronse charlas por parte das entidades ao longo de toda unha semana, houbo ese mesmo día actividades de protección civil, educativas para nenos e nenas e todas as actividades de información proporcionadas polas asociacións que no caso de ALCER foron enfocadas a informar sobre a saúde renal, a doazón de órganos e tamén realizamos medicións de tensión e de peso.



ALCER Ourense: CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982

Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44

Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330

[alcerourense@hotmail.com](mailto:alcerourense@hotmail.com) – [www.alcerourense.com](http://www.alcerourense.com) – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense) – Twitter: [@AlcerOurense](https://twitter.com/AlcerOurense)



Asociación para a Loita Contra  
as Enfermidades Renais de Ourense

## FOMENTO DA DOAZÓN DE ÓRGANOS

### DÍA NACIONAL DO TRANSPLANTE

O 30 de marzo foi o Día Nacional do Transplante 2022 e para celebralo plantexamos unha campaña informativa en redes sociais na que elaboramos unhas infografías sobre o transplante e que foron compartidas diariamente entre o día 28 de marzo e o 1 de abril en Facebook e Twitter.

Para elo tamén contamos coa colaboración de socios e socias da entidade que nos mandaron unha foto indicando coa man o sitio onde está o seu transplante e compartiron a súa historia de vida, relatando a súa vivencia dende que tiveron a oportunidade de recibir un rilo o cambio que supoxo nas súas vidas.



### DÍA NACIONAL DO DOADOR

Un ano máis, como cada primeiro mércores de xuño dende 1979, as entidades ALCER celebramos o día para promocionar a doazón de órganos, así como para informar á poboación para que poidan coñecer de primeira man os pasos a seguir para a consecución da súa tarxeta de doador/a de órganos.



**ALCER Ourense:** CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982

Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44

Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330

[alcerourense@hotmail.com](mailto:alcerourense@hotmail.com) – [www.alcerourense.com](http://www.alcerourense.com) – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense) – Twitter: [@AlcerOurense](https://twitter.com/AlcerOurense)





Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de Ourense

Afortunadamente, como a situación sanitaria debida á pandemia polo SARS-Cov-2 foi mellorando, puidemos este ano facer unha campaña tanto presencial como virtual.

Para conmemorar este día organizamos as seguintes actividades:

- Mesa informativa de 9h30 a 13h no CHUO, con convocatoria de medios ás 9h30



- Campaña informativa en redes sociais, con publicación de varias infografías sobre doazón entre o 25 de maio e o 1 de xuño:



ALCER Ourense: CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982

Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44

Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330

[alcerourense@hotmail.com](mailto:alcerourense@hotmail.com) – [www.alcerourense.com](http://www.alcerourense.com) – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense) – Twitter: [@AlcerOurense](https://twitter.com/AlcerOurense)



Asociación para a Loita Contra  
as Enfermidades Renais de Ourense

- Campaña solidaria en colaboración coas tendas Enredos para darlle visibilidade á doazón de órganos, coa venta dunha “brocheta solidaria”, da que parte da venta foi doada a ALCER para o mantemento dos nosos servizos.



## CHARLAS DE PREVENCIÓN DA ENFERMIDADE RENAL E DOAZÓN DE ÓRGANOS

### SANTA MARÍA DE MELIAS (O Pereiro de Aguiar)

O 22 de febreiro a traballadora social de ALCER Ourense Carmen iniciou o noso ciclo de charlas informativas 2022 sobre prevención da enfermidade renal e fomento da doazón de órganos na asociación de veciños Santa María de Melias, en Pereiro de Aguiar. Á devandita actividade asistiron 23 persoas.



ALCER Ourense: CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982

Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44

Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330

[alcerourense@hotmail.com](mailto:alcerourense@hotmail.com) – [www.alcerourense.com](http://www.alcerourense.com) – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense) – Twitter: [@AlcerOurense](https://twitter.com/AlcerOurense)



Asociación para a Loita Contra  
as Enfermidades Renais de Ourense

## CONCELLO DE VEREA

O sábado 23 de abril achegámonos ata o Concello de Verea, á casa da Cultura, onde a traballadora social da nosa entidade acudiu para falar de prevención da enfermidade renal e de doazón de órganos. Nesta ocasión contamos coa participación de 12 persoas, das que 8 eran mulleres e 4 homes. Agradecemos ao concello de Verea que contara con nós para poder levar a cabo esta actividade.



## CENTRO DE MENORES DE MONTELEDO (Ourense)

O 19 de maio achegámonos ata o Centro de menores de Monteledo en Ourense, onde nos recibiron un total de 12 rapaces e 4 monitores/as para escoitarnos falar de prevención da enfermidade renal e de doazón de órganos.

Indicar que mostraron moito interese por saber de doazón de órganos e que este tipo de actividades educativas nas persoas máis novas son os cementos do éxito da doazón de órganos no futuro.



ALCER Ourense: CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982

Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44

Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330

[alcerourense@hotmail.com](mailto:alcerourense@hotmail.com) – [www.alcerourense.com](http://www.alcerourense.com) – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense) – Twitter: [@AlcerOurense](https://twitter.com/AlcerOurense)



Asociación para a Loita Contra  
as Enfermidades Renais de Ourense

## A VALENZÁ (Barbadás)

No marco do II Paseo da Saúde de Barbadás a coordinadora e traballadora social de ALCER Ourense acudiu á Valenzá para impartir a charla de prevención da enfermidade renal e de fomento da doazón de órganos “Agasalla vida (Riles que dan vida)” na que participaron 6 persoas, das cales 4 eran mulleres e 2 homes e que participaron activamente na mesma, formulando varias preguntas.



## AFAOR (Ourense)

O 16 de xuño tivemos o pracer de estar en AFAOR dando unha charla sobre enfermidade renal e doazón de órganos para persoal e familiares desta entidade de familiares de persoas con Alzheimer. Na mesma participaron 4 persoas.



ALCER Ourense: CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982

Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44

Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330

[alcerourense@hotmail.com](mailto:alcerourense@hotmail.com) – [www.alcerourense.com](http://www.alcerourense.com) – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense) – Twitter: [@AlcerOurense](https://twitter.com/AlcerOurense)



Asociación para a Loita Contra  
as Enfermidades Renais de Ourense

## 4. PROGRAMA ALCER AXUDA

### (Axudas de emerxencia social para persoas con enfermidade renal)

No ano 2022 iniciamos un novo programa de emerxencia social “ALCER Axuda” destinado a persoas con Enfermidade Renal Crónica, co que detectamos situacións de emerxencia social producidas pola enfermidade renal crónica, identificando e valorando os riscos de exclusión social de maneira individual con informes elaborados dende a entidade e a escala de valoración Arope.

Tras valoración individual, levamos a cabo a entrega de bonos de alimentación de supermercados Froiz por valor de 25 €cada un.

Neste ano fixemos entrega de :

- 24 vales por importe de 25 €a 11 usuarios/as da entidade

Dende a Confederación de Persoas con Discapacidade (COGAMI) fixéronnos entrega de máscaras, polo que aproveitamos, para facer entrega aos nosos usuarios/as da entrega destas. As persoas con enfermidade renal, son colectivo vulnerable xa que moitos teñen que acudir a tratamento de diálise e outros son transplantados.

- Nesta ocasión fixemos 2 entregas durante o ano.



ALCER Ourense: CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982

Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44

Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330

[alcerourense@hotmail.com](mailto:alcerourense@hotmail.com) – [www.alcerourense.com](http://www.alcerourense.com) – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense) – Twitter: [@AlcerOurense](https://twitter.com/AlcerOurense)



Asociación para a Loita Contra  
as Enfermidades Renais de Ourense

## **5. PROGRAMA “NutriALCER”**

(Servizo de atención nutricional)

### **ATENCIÓN NUTRICIONAL**

Alcer Ourense conta coa colaboración durante todo o ano da nutricionista de Federación Alcer Galicia Laura Failde a cal realizou as seguintes actividades coas persoas derivadas a este servizo por Alcer Ourense:

- Atención nutricional a pacientes: baseadas en citas con pacientes tanto de forma presencial como de maneira telemática. Nestas consultas a nutricionista resolve todo tipo de dudas e asesora aos pacientes coa súa alimentación.
- Realización dun seguimento persoalizado de cada paciente.
- Elaboración de material nutricional adaptado á enfermidade renal crónica para redes sociais (infografías e guías)
- Formacións presenciais por medio de obradoiros de nutrición.

Atendéronse no servizo un total de 24 pacientes, dos que 18 foron derivados este ano 2022 e os 6 outros xa estaban dados de alta no ano anterior. De todos eles 12 foron mulleres e 12 homes.

### **OBRADOIROS DE NUTRICIÓN**

## **COIDADOS NUTRICIONAIS EN PERSOAS CON ERC**

O mércores 4 de maio ALCER Ourense organizou un obradoiro teórico de nutrición para persoas con enfermidade renal crónica en colaboración coa Escola Galega de Saúde (EGSC) e coa Federación ALCER Galicia. Para elo, contamos coa nutricionista desta entidade, Laura Failde, que nos falou sobre os cuidados nutricionais para persoas con enfermidade renal crónica en todos os estadios da ERC.

A actividade desenvolveuse no Complexo Hospitalario Santa María Nai de Ourense en horario de 16h a 20h, e contamos coa participación de 13 persoas.

ALCER Ourense: CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982

Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44

Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330

[alcerourense@hotmail.com](mailto:alcerourense@hotmail.com) – [www.alcerourense.com](http://www.alcerourense.com) – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense) – Twitter: [@AlcerOurense](https://twitter.com/AlcerOurense)



Asociación para a Loita Contra  
as Enfermidades Renais de Ourense



## OBRADOIRO DE COCIÑA PARA PERSOAS CON ENFERMIDADE RENAL

O xoves 20 de outubro ALCER Ourense organizou un obradoiro de nutrición para persoas con enfermidade renal crónica en colaboración coa Escola Galega de Saúde (EGSC) e coa Federación ALCER Galicia. Para elo, contamos coa nutricionista desta entidade, Laura Faílde, que realizou un obradoiro práctico coa elaboración dun menú adaptado a persoas con enfermidade renal crónica en todos os estadios da ERC.

A actividade desenvolveuse no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense nas instalacións da cafetería Apetéceme, e contamos coa participación de 13 persoas.



ALCER Ourense: CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982

Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44

Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330

[alcerourense@hotmail.com](mailto:alcerourense@hotmail.com) – [www.alcerourense.com](http://www.alcerourense.com) – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense) – Twitter: [@AlcerOurense](https://twitter.com/AlcerOurense)



Asociación para a Loita Contra  
as Enfermidades Renais de Ourense

## 6. PROGRAMA “CONVIVE CON ALCER”

(Programa de convivencia entre socios e familiares)

### 40 ANIVERSARIO DE ALCER

A nosa asociación celebrou este ano 2022 o seu 40 aniversario, desenvolvendo diferentes actuacións para conmemorar tan sinalada data.

Por unha banda elaboráronse unha serie de infografías e de vídeos que foron enviadas mensualmente a todos os socios e socias da entidade, con información sobre a propia entidade como por exemplo o histórico de presidencias, a xunta directiva actual, a data de colocación da primeira mesa informativa sobre doazón de órganos ou [vídeos de testemuñas](#) de socios fundadores.



ALCER Ourense: CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982

Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44

Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330

[alcerourense@hotmail.com](mailto:alcerourense@hotmail.com) – [www.alcerourense.com](http://www.alcerourense.com) – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense) – Twitter: [@AlcerOurense](https://twitter.com/AlcerOurense)





Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de Ourense

Por outra banda, o 17 de setembro, no Liceo de Ourense, organizouse un acto de homenaxe para celebrar os 40 anos de actividade da nosa entidade. Para esta celebración contamos coa presenza de varias autoridades da nosa cidade, técnicos/as, socios/as, familiares e todas as persoas que formamos parte desta gran familia chamada ALCER Ourense.

Neste acto fixemos entrega de 4 placas aos socios/as máis antigos da nosa entidade. A maiores tamén se fixo entrega dunha placa ao Xefe de Servizo de Nefroloxía do CHUO, Alfonso Otero, que acaba de xubilarse recentemente e o que quixemos agradecer todos estes anos de dedicación ás persoas con enfermidade renal e a nosa entidade.



## COMIDA ANUAL DO MAGOSTO

O domingo 20 de novembro, despois de 2 anos de parón debido a pandemia da COVID-19, retomamos a nosa comida solidaria de Magosto para todos os socios/as e demais amigos da nosa entidade.

Como outros anos realizouse o sorteo benéfico entre todos, repartindo variedade de regalos doados por empresas galegas, como Aceites Abril, Asine Xestión, Carrefour Ourense, Cuevas Alimentación, Gadis, Milhflor, Clínica Fisionetika e Balnearios Caldaria.

Dende Alcer, queremos agradecer a todas as persoas que compartiron este día con nós. Un día de festa e reunión de boa xente .

ALCER Ourense: CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982

Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44

Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330

[alcerourense@hotmail.com](mailto:alcerourense@hotmail.com) – [www.alcerourense.com](http://www.alcerourense.com) – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense) – Twitter: [@AlcerOurense](https://twitter.com/AlcerOurense)



Asociación para a Loita Contra  
as Enfermidades Renais de Ourense

A esta comida acudiron 33 socios/as e colaboradores da nosa entidade.

Agradecementos ós colaboradores que doaron os produtos para a elaboración dos regalos!



### **COLABORA:**

ACEITES ABRIL

ASINE XESTIÓN S.L.

CARREFOUR OURENSE

CUEVAS ALIMENTACIÓN

EXPOURENSE

MILHFLOR

CLÍNICA FISIONETIKA

BALNEARIOS CALDARIA

SUPERMERCADOS GADIS

## **7. PROGRAMA “COLABORA CON ALCER”**

(Programa de voluntariado)

ALCER Ourense con cun programa de voluntariado no que diferentes persoas colaboran para o bo funcionamento dos diferentes programas e servizos que se ofrecen na asociación. Cada ano inténtase aumentar a bolsa de voluntariado para mellorar os servizos co valor engadido que aportan

ALCER Ourense: CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982

Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44

Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330

[alcerourense@hotmail.com](mailto:alcerourense@hotmail.com) – [www.alcerourense.com](http://www.alcerourense.com) – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense) – Twitter: [@AlcerOurense](https://twitter.com/AlcerOurense)



Asociación para a Loita Contra  
as Enfermidades Renais de Ourense

os e as voluntarias que deciden aportar desinteresadamente o seu tempo á nosa asociación. No ano 2022 contamos coa colaboración de 5 persoas máis que no ano anterior.

## **8. PROXECTO “NefroHumana”**

Tras recibir o I Premio de Humanización do CHUO no ano 2020 a nosa asociación realiza as xestións oportunas para que pouco a pouco se vaian implantando os diferentes aspectos que contempla o proxecto.

No ano 2020 debida á pandemia non se puideran realizar nada máis que poucas xestións iniciais tanto por parte do CHUO como dende a asociación polo que no ano 2021 foron establecéndose as primeiras medidas como o acceso á wifi na sala de diálise do Hospital Cristal de Ourense, instaláronse televisores novos na devandita sala tamén.

No ano 2022, aínda que non estritamente reflexado no proxecto, pero si relacionado co mesmo, leváronse a cabo negociacións no CHUO para mellorar os puntos de recollida das ambulancias, xa que varios pacientes se queixaron por ter que subir na ambulancia á intemperie. O resultado das xestións realizadas foi que se cambiou o sentido de circulación do punto de recollida de tal xeito que na actualidade teñen acceso por baixo dunha marquesina, evitando estar ao calor, ao frío ou á chuvia.

## **9. ACTIVIDADES EN COLABORACIÓN COAS FEDERACIÓNS**

ALCER Ourense forma parte de 3 Federacións:

- A Federación provincial de Asociacións de Discapacitados Físicos de Ourense [COGAMI e DISCAFIS-COGAMI](#)
- A [Federación ALCER Galicia](#)
- A [Federación Nacional ALCER](#)

Con cada unha delas se levaron a cabo as seguintes actividades:

[ALCER Ourense](#): CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982  
Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44  
Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330  
[alcerourense@hotmail.com](mailto:alcerourense@hotmail.com) – [www.alcerourense.com](http://www.alcerourense.com) – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](#) – Twitter: [@AlcerOurense](#)



Asociación para a Loita Contra  
as Enfermidades Renais de Ourense

## COGAMI E FEDERACIÓN DISCAFIS-COGAMI

Este ano non se realizaron campañas nin actividades en colaboración con Discafis-COGAMI.

As actividades realizadas en colaboración coa Confederación Galega de Persoas con Discapacidade son as seguintes:

### Día Internacional da Muller

Con ocasión do Día Internacional da Muller celebrouse un acto no CIS Aixiña con todas as entidades coa lectura dun Manifesto, porque as mulleres con discapacidade, que sufren unha verdadeira discriminación tamén son fortes e capaces e para reivindicar igualdade de dereitos e de oportunidades.

### Campaña X Solidario 2022

Ao longo da campaña da renda 2021, a nosa asociación adheriuse á campaña “X Solidaria”, como beneficiaria, a través de COGAMI, das subvencións concedidas pola Xunta de Galicia do recollido coa solidariedade das persoas que marcan a caixa 106 da declaración da renda. Por elo o día 8 de abril unímonos todas as entidades membro de Discafis-COGAMI con sede en Aixiña para promover a campaña #emerXencia SOLIDARIA e promover que a cidadanía marque a devandita caixa 106.



Fonte da fotografía: Facebook de Discafis-COGAMI

ALCER Ourense: CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982

Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44

Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330

[alcerourense@hotmail.com](mailto:alcerourense@hotmail.com) – [www.alcerourense.com](http://www.alcerourense.com) – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense) – Twitter: [@AlcerOurense](https://twitter.com/AlcerOurense)



Asociación para a Loita Contra  
as Enfermidades Renais de Ourense

## FEDERACIÓN AL CER GALICIA

### Programa Sinerxias:

#### Día Mundial do Ril:

Este ano levouse a cabo o día 10 de marzo o Día Mundial do Ril, con motivo da súa celebración dende a Federación Alcer Galicia enviouse unha nota de prensa aos medios “. Na devandita nota resaltábase que a enfermidade renal crónica é denominada a pandemia silenciosa”, que as cifras de aumento de casos de persoas que teñen ERC aumentaron un 30% nos últimos 10 anos, e que por eso dende FAG, en colaboración coas entidades provinciais Alcer a campaña deste ano baseouse na prevención e concienciación social para diminuír o avance da enfermidade.



Dende a Federación Alcer Galicia querendo unificar os actos celebrados en todas as provincias optouse pola entrega de mazás durante toda a mañá, un acto simbólico para a concienciación de que unha boa alimentación favorece un mellor funcionamento dos nosos riles.



ALCER Ourense: CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982

Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44

Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330

[alcerourense@hotmail.com](mailto:alcerourense@hotmail.com) – [www.alcerourense.com](http://www.alcerourense.com) – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense) – Twitter: [@AlcerOurense](https://twitter.com/AlcerOurense)



Asociación para a Loita Contra  
as Enfermidades Renais de Ourense

## Día do Doador de Órganos:

Dende Federación ALCER Galicia elaborouse unha nota de prensa conxunta e buscouse unha homoxeneidade nas actividades entre os membros da Federación, no que destacamos a iluminación en cor verde de varios monumentos nas catro provincias galegas con ocasión deste día dando visibilidade á importancia da doazón de órganos. No caso da nosa provincia, foron iluminadas As Burgas en Ourense e a casa do concello do Barco de Valdeorras.



Este ano levouse a cabo tamén unha conferencia virtual na que contamos coa participación do coordinador de transplantes do CHUAC Fernando Mosteiro, na cal tamén colaboraron a través de zoom ás 18h do día 1 de xuño un representante por provincia dos enfermos renais, os cales contaron as súas historias de vida en contacto coa enfermidade renal.



[ALCER Ourense](#): CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982

Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44

Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330

[alcerourense@hotmail.com](mailto:alcerourense@hotmail.com) – [www.alcerourense.com](http://www.alcerourense.com) – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense) – Twitter: [@AlcerOurense](https://twitter.com/AlcerOurense)



Asociación para a Loita Contra  
as Enfermidades Renais de Ourense

### Actividades de apoio a persoas con ERC:

A Federación ALCER Galicia (FAG) implantou unha serie de servizos para as persoas con enfermidade renal dos ALCER de cada provincia de Galicia para prestar apoio tanto durante o confinamento que conlevou o estado de alarma como na “nova normalidade”. Coa contratación dunha titulada en diatética e nutrición na FAG este ano púxose en funcionamento o servizo de Atención Nutricional para as persoas con enfermidade renal independentemente do estadio no que se atopen.

En relación ao servizo de Atención Nutricional, indicar que fixemos 18 derivacións que precisaron dunha atención especializada, tras o cal a nutricionista se puxo en contacto co/coa paciente, realizando unha valoración inicial da necesidade independentemente do estadio da enfermidade renal no que se atope a persoa.

Con respecto ao servizo de Atención psicolóxica, indicar que é un servizo de atención telefónica de continuidade que comezou no ano 2020 tras a pandemia para conter as situacións de angustia e depresión ás que se enfrontaron certos pacientes e que non podían ser atendidas polas traballadoras sociais, por precisar unha intervención máis especializada. Este ano a psicóloga atendeu 5 persoas derivada dende a nosa entidade.

En canto aos Grupos de Apoio, que deron comezo a mediados de abril e que se levaron a cabo durante todo o ano. Nesta ocasión contouse coa participación dun traballador social encargado de coordinar a reunión na que os e as participantes ían dando o seu punto de vista e contando a súa experiencia persoal.

As sesións foron mantidas a través da aplicación Google meets, o que permitiu a conexión a distancia de participantes de toda Galicia. En total foron mantidas 4 sesións ao longo do ano.

Non se inclúen capturas de pantalla das sesións nesta Memoria por ser unha actividade da FAG na que participaron persoas doutras entidades e para salvaguardar a súa identidade por motivos de protección de datos.

ALCER Ourense: CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982

Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44

Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330

[alcerourense@hotmail.com](mailto:alcerourense@hotmail.com) – [www.alcerourense.com](http://www.alcerourense.com) – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense) – Twitter: [@AlcerOurense](https://twitter.com/AlcerOurense)



Asociación para a Loita Contra  
as Enfermidades Renais de Ourense

- 20 de abril as 16:30h, traballador social. Contamos coa participación de 10 persoas, das que 5 eran socios/as de Ourense.



- 07 de setembro as 16:30h, traballador social. Contamos coa participación de 8 persoas, das que 5 eran socios/as de Ourense.



- 06 de outubro as 16:30h, traballador social. Contamos coa participación de 12 persoas, das que 4 eran socios/as de Ourense.



ALCER Ourense: CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982  
Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44  
Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330  
[alcerourense@hotmail.com](mailto:alcerourense@hotmail.com) – [www.alcerourense.com](http://www.alcerourense.com) – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense) – Twitter: [@AlcerOurense](https://twitter.com/AlcerOurense)





Asociación para a Loita Contra  
as Enfermidades Renais de Ourense

- 16 de novembro as 16:30h, traballador social. Contamos coa participación de 9 persoas, das que 5 eran socios/as de Ourense.



### Obradoiro de Formación a profesionais:

O 9 de maio, dende as 10:00h ata as 14:00h da tarde, a Federación ALCER Galicia organizou, en colaboración coa Escola Galega de Saúde para Cidadáns, un obradoiro na Casa de Asociacións de Benestar Social - CABES (Santiago) sobre as pautas básicas para mellorar a relación dos equipos profesionais con pacientes con ERC , que foi impartido por Patricia Casal, psicóloga da Federación. Nel dotounos de ferramentas necesarias para mellorar a relación entre o profesional e o paciente con enfermidade renal, conseguindo así unha mellor alianza terapéutica.

Nesta ocasión participamos os/as traballadores das catro provincias que somos os que formamos a Federación ALCER Galicia.



ALCER Ourense: CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982

Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44

Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330

[alcerourense@hotmail.com](mailto:alcerourense@hotmail.com) – [www.alcerourense.com](http://www.alcerourense.com) – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense) – Twitter: [@AlcerOurense](https://twitter.com/AlcerOurense)



Asociación para a Loita Contra  
as Enfermidades Renais de Ourense

## Obradoiro “Manifesto de persoas con ERC dende o traballo social: dereitos e deberes”

O 20 de xuño a Federación ALCER Galicia organizou en colaboración coa Escola Galega de Saúde para Cidadáns un obradoiro de traballo social no Centro Cultural Marcos Valcárcel no que se tratou o Manifesto de persoas con enfermidade renal; dereitos e deberes. impartido por Montserrat Blanco, traballadora social da Federación.

O obxectivo e este obradoiro de 4 horas foi dar a coñecer as persoas con ERC así como a familiares e resto de poboación que é o traballo social, os servicios sociais e recursos sociais pero fundamentalmente dar a coñecer os dereitos e deberes que recolle o manifesto de persoas con ERC.



## Obradoiro de cociña “ocio no nadal”

O xoves, 1 de decembro, a Federación ALCER Galicia levou cabo un obradoiro de nutrición en Ourense, dirixido a persoas con enfermidade renal crónica.

Para elo, contamos coa nutricionista, Laura Failde, que nos realizou un obradoiro práctico de ocio no nadal, onde elaborou varias recetas típicas destas fechas.

A actividade desenvolveuse no CIS Aixiña, e contamos coa participación de 8 personas.



ALCER Ourense: CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982

Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44

Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330

[alcerourense@hotmail.com](mailto:alcerourense@hotmail.com) – [www.alcerourense.com](http://www.alcerourense.com) – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense) – Twitter: [@AlcerOurense](https://twitter.com/AlcerOurense)



Asociación para a Loita Contra  
as Enfermidades Renais de Ourense

## Recollida tapóns en colaboración con ART FOR DENT

Ao longo do ano 2022, a nosa entidade en colaboración coa asociación ART FOR DENT, a través da Federación ALCER Galicia(FAG) co programa MEDRO, fixo entrega de tapóns coa que se está colaborando desde fai uns meses, e coa que contamos con varios puntos de recollida na nosa cidade. O que se pretende con esta colaboración é conseguir financiación para a investigación para o síndrome de Dent que afecta o funcionamento renal de nenos e nenas que a padecen.

Dende a nosa entidade realizáronse as seguintes entregas:

31 de xaneiro



28 de febreiro



ALCER Ourense: CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982

Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44

Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330

[alcerourense@hotmail.com](mailto:alcerourense@hotmail.com) – [www.alcerourense.com](http://www.alcerourense.com) – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense) – Twitter: [@AlcerOurense](https://twitter.com/AlcerOurense)



Asociación para a Loita Contra  
as Enfermidades Renais de Ourense

31 de Marzo



29 de Abril



[ALCER Ourense](#): CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982  
Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44  
Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330  
[alcerourense@hotmail.com](mailto:alcerourense@hotmail.com) – [www.alcerourense.com](http://www.alcerourense.com) – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](#) – Twitter: [@AlcerOurense](#)



Asociación para a Loita Contra  
as Enfermidades Renais de Ourense

31 de maio



30 de xuño



[ALCER Ourense](#): CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982  
Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44  
Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330  
[alcerourense@hotmail.com](mailto:alcerourense@hotmail.com) – [www.alcerourense.com](http://www.alcerourense.com) – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](#) – Twitter: [@AlcerOurense](#)



Asociación para a Loita Contra  
as Enfermidades Renais de Ourense

29 de xullo



31 de Agosto



30 de setembro



ALCER Ourense: CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982  
Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44  
Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330  
[alcerourense@hotmail.com](mailto:alcerourense@hotmail.com) – [www.alcerourense.com](http://www.alcerourense.com) – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense) – Twitter: [@AlcerOurense](https://twitter.com/AlcerOurense)



Asociación para a Loita Contra  
as Enfermidades Renais de Ourense

31 de outubro



31 de novembro



30 de decembro



ALCER Ourense: CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982  
Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44  
Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330  
[alcerourense@hotmail.com](mailto:alcerourense@hotmail.com) – [www.alcerourense.com](http://www.alcerourense.com) – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense) – Twitter: [@AlcerOurense](https://twitter.com/AlcerOurense)



Asociación para a Loita Contra  
as Enfermidades Renais de Ourense

O día 27 de Abril levouse a cabo unha charla sobre recollida de tapóns no centro de menores Monteledo (Ourense). O que se intentou con esta actividade foi concienciar aos rapaces da importancia de ser solidari@s cos demais facendo fincapé nas persoas que padecen algunha enfermidade rara e como poder pór o noso grao de area para colaborar na investigación destas enfermidades coa recollida de tapóns.



### **Programa Medro con ALCER:**

A Federación ALCER Galicia puxo en funcionamento no ano 2018 un Programa de atención a menores con ERC en Galicia e ós seus familiares, contando con profesionais que atenden a poboación das 4 provincias e cuxos obxectivos son desenvolver e implantar un programa de intervención psicosocial cos/cas menores con Enfermidade Renal Crónica (ERC) e as súas familias de Galicia, tratando de comprender, predicir e cambiar a súa conduta social, axudándolles a adaptarse á enfermidade, así como modificar aqueles aspectos nocivos da súa contorna, coa finalidade de mellorar a súa calidade de vida, así como establecer bases sólidas de coordinación entre todas as partes implicadas dentro do procesos de atención sociosanitaria.

### **Atención a familias da provincia de Ourense:**

ALCER Ourense: CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982

Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44

Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330

[alcerourense@hotmail.com](mailto:alcerourense@hotmail.com) – [www.alcerourense.com](http://www.alcerourense.com) – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense) – Twitter: [@AlcerOurense](https://twitter.com/AlcerOurense)





Asociación para a Loita Contra  
as Enfermidades Renais de Ourense

En relación co programa MEDRO Ourense conta con 5 familias adheridas, un total de 6 personas menores son atendidos xa que dúas son irmás. Neste ano 2022 incorporáronse 2 familias ao programa ( 3 persoas menores), con respecto ao 2021.

Ás 2 familias adheridas este ano se lles fixo unha entrevista inicial para detectar demandas e necesidades que puideran presentar, para así realizar unha avaliación. Un primeiro contacto permitiu a detección de necesidades, a súa intervención e o seguimento da mesma. As intervencións realizadas coas familias xiraron en torno á atención social respecto a información, orientación e asesoramento sobre todo canto respecta á ERC e os diferentes tratamentos renais, diferentes situacións sociais e capacidades, etc.

As ferramentas empregadas para este seguimento foron:

- Base de datos para poder xestionar todos os datos recollidos, coa finalidade de elaborar un plan de atención individualizada no que poder incluír actuacións propias tanto dos servizos sociais como aquelas que deban coordinarse con outros axentes (sistema educativo, sanitario -tanto dentro da nosa comunidade como fóra da mesma se fora preciso-), en materia de ocio.
- A folla de valoración social, psicolóxica e nutricional que se realiza para detectar necesidades e adaptarnos a cada situación, podendo intervir de forma coordinada.
- Plan de Atención familiar, que determina as necesidades e a periodicidade que se valora na actuación con prazos e obxectivos operativos, que se vai a actualizar a medida que se modifica a situación familiar.

## Campamento CRECE 2022

Despois de dous veráns sen poder levarse a cabo, por mor da pandemia, este ano 2022 o campamento levouse a cabo en Panxón, (Pontevedra). Realizouse do 25 de xuño ao 1 de xullo. Unha gran oportunidade para os nenos e nenas de Galicia, de entre 8 e 17 anos, de asistir.

Informouse a todos os menores susceptibles de participar e asesorouse ás familias, tamén se fixo unha detección de necesidades específicas en familias en situación de vulnerabilidade, para que de xeito coordinado coa Federación Nacional Alcer puidesen acceder ao campamento de xeito totalmente gratuío, (caso das nenas de Ourense que acudiron de balde).

[ALCER Ourense](#): CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982

Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44

Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330

[alcerourense@hotmail.com](mailto:alcerourense@hotmail.com) – [www.alcerourense.com](http://www.alcerourense.com) – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense) – Twitter: [@AlcerOurense](https://twitter.com/AlcerOurense)



Asociación para a Loita Contra  
as Enfermidades Renais de Ourense

As persoas menores participantes foron 33 e as familias beneficiarias 31, xa que de dúas deles asistiron dous/as irmáns.

A situación nefrolóxica das persoas menores: entre as participantes 4 estaban en situación de enfermidade renal crónica avanzada (ERCA), 24 en situación de transplante renal, 2 en consulta de nefroloxía polo estadio da ERC e unha nena recibiu tratamento renal substitutivo de hemodiálise hospitalaria.

As persoas menores que acudiron o campamento fixérono dende diferentes provincias de España, as familias galegas beneficiadas foron 4, aínda que foi ofrecido a todos os/as menores que actualmente están de alta no Programa Medro con Alcer da Federación ALCER Galicia que cumprían os requisitos de acceso. De todas estas familias, unha das familias participantes era de Ourense, acudindo ao campamento 2 irmás con enfermidade renal crónica.

Comorbilidades: a enfermidade renal crónica non cohabita ela soa no organismo. No grupo participante no Campamento Crece estiveron presentes outras comorbilidades tanto físicas, como psíquicas ou intelectuais: mobilidade reducida, discapacidade intelectual, trastornos alimentarios, diabetes, trastorno do espectro autista, síndrome de Asperger e epilepsia, entre outras.



ALCER Ourense: CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982

Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44

Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330

[alcerourense@hotmail.com](mailto:alcerourense@hotmail.com) – [www.alcerourense.com](http://www.alcerourense.com) – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense) – Twitter: [@AlcerOurense](https://twitter.com/AlcerOurense)



Asociación para a Loita Contra  
as Enfermidades Renais de Ourense

## FEDERACIÓN NACIONAL ALCER

### “Personas renales, personas reales”

Con ocasión do seu 45 aniversario a Federación Nacional ALCER organizou un programa de conversacións, conducidas polo Presidente da propia Federación, Daniel Gallego, entre outros. Ao longo da serie de entrevistas repásase a historia de ALCER con persoas vinculadas á creación e nacemento de ALCER, tamén se aporta a visión da enfermería, coa importancia que ten no tratamento renal, e tamén a do traballo social, na que se nos explica o papel que ten e como se tivo que reinventar durante a pandemia para poder prestar servizo aos pacientes renales. Estes programas iniciáronse no ano 2021 e tiveron continuidade no 2022.

As entrevistas poden verse no [canal de Youtube](#) da Federación Nacional ALCER.

Ligazóns dos programas de 2022:

- [La Coordinación y el trasplante desde el punto de vista personal y profesional](#)
- [Los accesos vasculares, una parte fundamental del tratamiento de hemodiálisis](#)

### Webinar: “Reproducción asistida y embarazo en la enfermedad renal”

Na tarde do 24 de febreiro a Federación Nacional ALCER celebrou o Webinar [“Reproducción asistida y embarazo en la enfermedad renal”](#) ao que asistiron o persoal técnico así como socios e socias da nosa entidade a través da ligazón enviada nos días anteriores. O webinar contou con 2 ponencias por parte de profesionais sanitarios no campo:

- Técnicas de reproducción asistida e evolución do embarazo en mulleres con enfermidade renal.
- Consecuencias da enfermidade renal en neonatos e fillo/a de nai con patoloxía renal.



[ALCER Ourense](#): CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982

Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44

Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330

[alcerourense@hotmail.com](mailto:alcerourense@hotmail.com) – [www.alcerourense.com](http://www.alcerourense.com) – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](#) – Twitter: [@AlcerOurense](#)



Asociación para a Loita Contra  
as Enfermidades Renais de Ourense

## **10. OUTRAS ACTIVIDADES NAS QUE PARTICIPAMOS**

### **PROXECTO GALI-ON**

A nosa entidade foi invitada a participar no grupo de traballo do Proxecto GaliOn, un proxecto de implantación para a provincia de Ourense e que podería ser extrapolable ao resto da comunidade autónoma.

Trátase dun proxecto no que se establecerá un algoritmo en IANUS de detección precoz da ERC así como do seu posterior seguimento no que se mellorarán os protocolos de derivación, contemplando aspectos de atención integral, mediante derivacións e seguimento por parte de diferentes especialidades e profesionais.

A asociación ALCER Ourense foi invitada a participar no proceso de deseño, aportando a visión dos e das pacientes (coa organización dun grupo focal de pacientes co que se mantiveron 2 reunións) e asistindo a 7 reunións no periodo de 20 de xaneiro a 31 de xullo de 2022.

### **PROMOVE E ORGANIZA:**

SERGAS

XERENCIA DE COMPLEXO HOSPITALARIO DE OURENSE

SERVIZO DE NEFROLOXÍA DE OURENSE

### **DÍA INTERNACIONAL DA MULLER: EMPREENDEDORAS**

O 8 de marzo, unha das traballadoras sociais de ALCER participou no acto levado a cabo pola Deputación Provincial de Ourense polo Día Internacional da Muller. Tivo lugar as 17:30h da tarde no Centro Cultural Marcos Valcárcel onde contamos coa asistencia e ponencia de Marta Solórzano e María García Trincado. Continuouse o acto cunha mesa redonda onde varias mulleres contaron a súa experiencia como emprendedoras.

Para finalizar o acto, entregouse un recoñecemento a M<sup>a</sup> Carmen Canal, conselleira delegada de Aceites Abril.

[ALCER Ourense](#): CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982

Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44

Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330

[alcerourense@hotmail.com](mailto:alcerourense@hotmail.com) – [www.alcerourense.com](http://www.alcerourense.com) – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](#) – Twitter: [@AlcerOurense](#)



Asociación para a Loita Contra  
as Enfermidades Renais de Ourense



### **PROMOVE E ORGANIZA:**

DEPUTACIÓN DE OURENSE

## **ÁGORA DA SAÚDE**

O 7 de abril, as asociacións de pacientes entre as que se atopa a nosa entidade, en colaboración co Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, acudimos ao Espazo Ágora para celebrar, informar e difundir o Día Mundial da Saúde baixo o lema “O noso planeta, a nosa saúde». Ao longo da mañá achegouse persoal sanitario para coñecer de primeira man o labor das asociacións, as súas actividades e servizos que poden ser de interese para complementar as actuacións levadas a cabo no ámbito sanitario e buscar sinerxias de colaboración.

Neste día estivemos as asociacións membro do Consello Asesor de pacientes de área.

Moitas grazas ao Complexo Hospitalario Universitario por esta invitación.



### **PROMOVE E ORGANIZA:**

COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DE OURENSE.

[ALCER Ourense](#): CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982

Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44

Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330

[alcerourense@hotmail.com](mailto:alcerourense@hotmail.com) – [www.alcerourense.com](http://www.alcerourense.com) – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](#) – Twitter: [@AlcerOurense](#)



Asociación para a Loita Contra  
as Enfermidades Renais de Ourense

## 20 ANIVERSARIO ASOCIACIÓN DIABÉTICA AURIA

Con ocasión do 20 aniversario da asociación diabética Auria, a asociación ALCER Ourense foi invitada a participar no acto de celebración de tan sinalada ocasión. Neste caso, a coordinadora da asociación interveu nunha mesa redonda sobre asociacionismo, na que resaltou o papel das asociacións de paciente, a relación co sistema de saúde, a toma de decisións compartida e os novos retos aos que nos enfrontamos no ámbito da formación e da educación.



### **PROMOVE E ORGANIZA:**

ASOCIACIÓN DIABÉTICA AURIA

## PRESENTACIÓN DE SERVICIOS DE ALCER EN NEFROLOXÍA DO CHUO

O xoves, 2 de xuño unha das traballadoras sociais da entidade acudiu ata o Complexo Hospitalario de Ourense para presentarlle a nefrólogos/as e persoal sanitario os servizos e programas que desenvolvemos dende a asociación. Ao rematar a exposición abrimos ronda de preguntas para aclarar as dúbidas que puideran ter os/as asistentes.

A finalidade é que se desde o propio servizo de nefroloxía se detecta algunha necesidade que poida ser resolta pola nosa asociación, os profesionais o saiban e poidan derivarnos ao/á paciente para atendelo/a.

ALCER Ourense: CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982

Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44

Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330

[alcerourense@hotmail.com](mailto:alcerourense@hotmail.com) – [www.alcerourense.com](http://www.alcerourense.com) – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense) – Twitter: [@AlcerOurense](https://twitter.com/AlcerOurense)



Asociación para a Loita Contra  
as Enfermidades Renais de Ourense



### **PROMOVE E ORGANIZA:**

Servizo de Nefroloxía do CHUO

## **PRESENTACIÓN DE SERVIZOS DE ALCER ALUMNADO DIVINO MAESTRO**

Na mañá do 15 de xuño a coordinadora e traballadora social de Alcer participou nunha mesa con compañeiros/as de profesión do CIS Aixiña para presentar o traballo social en asociacións sociosanitarias ó alumnado e profesorado do Colexio Divino Maestro de Ourense.

Presentou os nosos programas, actividades, servizos que prestamos, coa finalidade de que o alumnado coñeza a realidade das persoas con discapacidade ou cunha enfermidade crónica. Asistiron 23 persoas.



### **PROMOVE E ORGANIZA:**

Discafis-COGAMI

ALCER Ourense: CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982

Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44

Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330

[alcerourense@hotmail.com](mailto:alcerourense@hotmail.com) – [www.alcerourense.com](http://www.alcerourense.com) – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense) – Twitter: [@AlcerOurense](https://twitter.com/AlcerOurense)



Asociación para a Loita Contra  
as Enfermidades Renais de Ourense

## CONSELLO ASESOR DE PACIENTES DO CHUO

O 28 de xuño celebrouse coa xerencia da área sanitaria de Ourense unha reunión do Consello Asesor de Pacientes que tivo lugar por primeira vez dende o inicio da pandemia, de forma exclusivamente presencial na sala Cabaleiro Goás do Novo Edificio de Hospitalización (Hospital Universitario de Ourense).

Nesta reunión déusenos voz á cada unha das asociacións para plantexar as nosas demandas e necesidades, que serán trasladadas nun documento conxunto a quen proceda. Ademais presentóusenos un informe da situación da pandemia, outro da situación da vacinación e puidemos coñecer cales son as melloras de infraestruturas que se están levando na área sanitaria. Por último falouse de sinerxias de colaboración entre o CHUO e as entidades para darnos visibilidade.



### **PROMOVE E ORGANIZA:**

CHUO

## APERTURA DE NOVO CURSO LEONÍSTICO

O venres, 30 de setembro, a traballadora social de ALCER e unha voluntaria acudiron ás 19:30 h ao Liceo de Ourense para escoitar unha charla organizada polo Club de Leones, colectivo que colabora e axuda a persoas desfavorecidas a través de diferentes proxectos e colabora con entidades sen ánimo de lucro. Na conferencia contamos coa ponencia da Doutora Ana Pastor, médica neurociruxana no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense (CHUO) e Miguel Santalices, presidente do parlamento galego, que falou sobre o compromiso e acción social que ten o Parlamento Galego. Finalizadas estas ponencias fíxose entrega dunha médalla de aprecio a Miguel Santalices.

ALCER Ourense: CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982

Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44

Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330

[alcerourense@hotmail.com](mailto:alcerourense@hotmail.com) – [www.alcerourense.com](http://www.alcerourense.com) – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense) – Twitter: [@AlcerOurense](https://twitter.com/AlcerOurense)





Asociación para a Loita Contra  
as Enfermidades Renais de Ourense



### **PROMOVE E ORGANIZA:**

CLUB DE LOS LEONES OURENSE

## **1º ANDAINA POLA SAÚDE**

O sábado 1 de outubro as asociacións de pacientes, familiares, sanitarios e a poboación en xeral participamos no 1º paseo da saúde levada a cabo polo Consello Asesor de Pacientes da Área Sanitaria de Ourense, Verín e o Barco de Valdeorras.

Neste paseo realizamos una andaina de 8 km pola beira do río Miño, ata o tinteiro en versión curta e ata o Muíño da Veiga no seu percorrido total.

Foi unha xornada de xuntanza, lecer e encontro entre profesionais dos diferentes ámbitos, asociacións e socios e socias das diferentes entidades que alí nos atopábamnos. Nesta ocasión dende a nosa entidade acudimos varias traballadoras e 7 socios/as.



### **PROMOVE E ORGANIZA:**

CONSELLO ASESOR DE PACIENTES OURENSE

ALCER Ourense: CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982

Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44

Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330

[alcerourense@hotmail.com](mailto:alcerourense@hotmail.com) – [www.alcerourense.com](http://www.alcerourense.com) – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense) – Twitter: [@AlcerOurense](https://twitter.com/AlcerOurense)



Asociación para a Loita Contra  
as Enfermidades Renais de Ourense

## I XORNADAS DE HUMANIZACIÓN DO CHUO

O 29 de novembro a coordinadora da asociación participou como ponente nas I Xornadas de Humanización do CHUO, dando voz aos pacientes, nunhas xornadas que se desenvolveron durante 3 días. Compartiu mesa con outras entidades facendo todas fincapé primeiramente en cal é o papel das asociacións de pacientes no sistema de saúde e dando importancia ao trato humano e na empatía que é necesaria por parte do persoal sanitario hacia os e as pacientes.



## CAMPAÑA POLO DÍA DA DISCAPACIDADE

O 3 de decembro, para conmemorar o Día da Discapacidade, coa campaña #BaixoOMesmoParaugas, reunímonos nun acto conxunto ó que nos adherimos máis de 80 entidades en toda Galicia.

Despois de 2 anos de parón de maneira presencial debido á pandemia, xuntámonos todos/as na praza Maior de Ourense con paraugas de cores e levouse a cabo a lectura dun Manifesto por parte de varias persoas con discapacidade integrantes das entidades adheridas.

ALCER Ourense: CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982  
Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44  
Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330  
[alcerourense@hotmail.com](mailto:alcerourense@hotmail.com) – [www.alcerourense.com](http://www.alcerourense.com) – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense) – Twitter: [@AlcerOurense](https://twitter.com/AlcerOurense)



Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de Ourense



Dende ALCER levamos a cabo durante varios días unha campaña, onde publicamos nas nosas redes sociais (Facebook e Twitter) varias infografías variadas onde se falaba e se daba información sobre a discapacidade.



**ALCER Ourense:** CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982  
 Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44  
 Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330  
[alcerourense@hotmail.com](mailto:alcerourense@hotmail.com) – [www.alcerourense.com](http://www.alcerourense.com) – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense) – Twitter: [@AlcerOurense](https://twitter.com/AlcerOurense)



Asociación para a Loita Contra  
as Enfermidades Renais de Ourense

## 11. ASISTENCIA A ACTOS E REUNIÓN

Para que unha entidade teña visibilidade e para que os seus servizos e actividades funcionen é necesaria ter creada unha estrutura organizativa que permite un axeitado funcionamento. Para elo cada entidade debe ter unha Xunta Directiva que se reúne periodicamente e que tome as decisións pertinentes en relación ás actividades e ó desenvolvemento das cuestións que van xurdindo.

Por outra banda, tamén moitas de nós, pertencemos a Federaci3ns, provinciais, auton3micas ou estatais, coas que mantemos reuni3ns.

Por 3ltimo, como entidades do terceiro sector en moitas ocasi3ns contan con n3s para asistir a actos nos que se considera que a nosa presenza pode aportar algo positivo.

A continuaci3n relacionamos as diferentes reuni3ns 3s que asistimos 3 longo do ano:

### REUNIÓN

26/02/2022	Reuni3n de Xunta Directiva
27/03/2022	Asembleas de socios e socias
27/03/2022	Reuni3n de Xunta Directiva

REUNIÓN

26/01/2022	Reuni3n de equipo do grupo de traballo de infancia (non se puido asistir)
28/01/2022	Reuni3n de equipo do grupo de traballo da Muller
08/02/2022	Reuni3n de presentaci3n das actividades de FNA 3s entidades membro
21/02/2022	Reuni3n extraordinaria para organizaci3n de webinar do grupo de traballo da Muller
23/02/2022	Reuni3n de equipo do grupo de traballo de infancia
28/03/2022	Reuni3n de equipo do grupo de traballo da Muller
30/03/2022	Reuni3n de equipo do grupo de traballo de infancia
27/04/2022	Reuni3n de equipo do grupo de traballo de infancia
18/05/2022	Videoconferencia organizativa con FNA do D3a do Doador de 3rganos
20-21/05/2022	Asembleas de socios e socias. Non se puido asistir.
25/05/2022	Reuni3n de equipo do grupo de traballo de infancia

ALCER Ourense: CIF: G-32.011.041, Data de constitu3n: 29 de xaneiro de 1982

N3 rexistro provincial 277, declarada de utilidade p3blica, n3 rexistro de entidades voluntarias O-44

Enderezo: R3a Recaredo Paz n3 1 – CIS Aixi3a, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330

[alcerourense@hotmail.com](mailto:alcerourense@hotmail.com) – [www.alcerourense.com](http://www.alcerourense.com) – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense) – Twitter: [@AlcerOurense](https://twitter.com/AlcerOurense)



Asociación para a Loita Contra  
as Enfermidades Renais de Ourense

06/06/2022	Videoconferencia de presentación da campaña polo Día do Cancro Renal
21/09/2022	Reunión de equipo do grupo de traballo de Infancia
23/11/2022	Reunión de equipo do grupo de traballo de Infancia

REUNIÓN DA FEDERACIÓN ALCER GALICIA (FAG), da que forman parte a Presidenta, o Vicepresidente e a secretaria de ALCER Ourense:

09/01/2022	Reunión de Xunta Directiva
30/01/2022	Reunión de Xunta Directiva
08/02/2022	Reunión de técnicos por videoconferencia para acordar data de reunión presencial
04/03/2022	Reunión de equipo técnico dos ALCER, presencial en Santiago de Compostela

REUNIÓN DA CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE - COGAMI:

01/04/2022	Reunión da Comisión sociosanitaria de COGAMI
25/03/2022	Formación con COGAMI para xustificación IRPF 2021
30/03/2022	Formación de COGAMI para uso de sharepoint
24/05/2022	Formación de COGAMI para uso de PEU (Punto de Entrada Único)
16/11/2022	Reunión da Comisión sociosanitaria de COGAMI

REUNIÓN DO CONSELLO ASESOR DE PACIENTES DA CONSELLERÍA DE SANIDADE:

20/06/2022	Non se pode asistir, delegando na FAG que tampouco pode enviar o seu representante por motivos de saúde.
------------	--

REUNIÓN DO CONSELLO ASESOR DE PACIENTES DE ÁREA:

28/06/2022	Reunión de membros
------------	--------------------

REUNIÓN DA FEDERACIÓN PROVINCIAL DISCAFIS-COGAMI:

27/04/2022	Asemblea de socios
------------	--------------------



Asociación para a Loita Contra  
as Enfermidades Renais de Ourense

#### REUNIÓN DO CONSELLO MUNICIPAL DE SERVIZOS SOCIAIS:

Non se convoca ningunha reunión dende o Concello durante o ano 2022.

#### OUTRAS REUNIÓN:

21/01/2022	Reunión no CHUO con humanización para falar da formación Paciente competente e da posibilidade de uso da zona de exercicio do CHUO por parte de pacientes en diálise.
10/02/2022	Presentación da convocatoria 2022 da Fundación La Caixa
25/02/2022	Reunión con responsable de humanización de CHUO para pechar detalles do Día Mundial do Ril
23/03/2022	Reunión con responsable de humanización de CHUO para pechar detalles do Día Mundial da Saúde e falar de queixas de pacientes en relación aos puntos de recollida de pacientes en diálise das ambulancias
04/05/2022	Reunión da coordinadora coa nova xefa de servizo de nefroloxía e coa médica que atende ERCA, acompañada pola nutricionista da FAG
13/05/2022	Reunión en Carrefour para presentar ALCER Axuda
18/05/2022	Reunión en tenda Enredos para organizar colaboración altruista na semana da doazón de órganos
01/08/2022	Reunión empresa Axuda no Fogar "SERVIGAL" por presentación de servizos de dita empresa
29/09/2022	Reunión con representantes do PSOE Ourense en Aixiña
26/10/2022	Acto polo día da celebración "Día Nacional de Dano Cerebral Adquirido"

ALCER Ourense: CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982

Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44

Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330

[alcerourense@hotmail.com](mailto:alcerourense@hotmail.com) – [www.alcerourense.com](http://www.alcerourense.com) – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense) – Twitter: [@AlcerOurense](https://twitter.com/AlcerOurense)



Asociación para a Loita Contra  
as Enfermidades Renais de Ourense

## 12. RECURSOS MATERIAIS E PERSOAIS

<p><b><u>RECURSOS HUMANOS</u></b></p>	<p>-Persoal voluntario: 16 (membros da xunta Directiva, socios, e familiares de enfermos renais)</p> <p>-Profesionais expertos no tema (colaboracións altruistas): 7</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-1 coordinador de transplantes</li> <li>-2 promotores da doazón (OCT)</li> <li>-4 nefrólogos</li> </ul> <p>-Persoal contratado: 1 traballadora social contratada a xornada completa con contrato indefinido</p>
<p><b><u>MATERIAL DIDÁCTICO</u></b></p>	<p>-Tripticos identificativos da Asociación</p> <p>-Tripticos para o fomento da doazón de órganos e de sangue</p> <p>-Campañas de prevención e de doazón: Carteis identificativos da actividade</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Infografías</li> <li>- Fichas, enquisas de satisfacción, protección de datos</li> <li>- Material de fomento da doazón: bolígrafos, pulseiras, etc...</li> <li>- Material educativo: libros de alimentación</li> </ul>
<p><b><u>MATERIAL INVENTARIABLE</u></b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Armario de cor azul de 2,5 m de ancho por 2,5 m de largo</li> <li>- Ordenador con pantalla plana, marca IQWO (2015)</li> <li>- Ordenador portátil marca HP (2014)</li> <li>- Ordenador con pantalla plana, marca Xphoenix (2019)</li> <li>- Impresora marca HP Officejet 3833 All-in-one series (ano 2018)</li> <li>- Proxector marca Sony (ano 2003)</li> <li>- Encadernadora de canutillos de plástico.</li> <li>- Cortadora de rodillo e de palanca (guillotina)</li> <li>- 14 cadeiras (3 cadeiras de oficina y 11 estáticas)</li> <li>- 3 Mesas de oficina: de 150cm x 70cm, de 180cm x 80cm, de 145cm x 60cm</li> <li>- 2 Básculas de baño</li> <li>- Tensiómetro</li> <li>- 5 glucómetros</li> <li>- Teléfono Domo branco</li> <li>- Teléfono inalámbrico SPC negro</li> <li>- Telefónos móbiles XIAOMI Redmi 6 e Redmi 7</li> <li>- Webcam: 1080P Full HD Webcam with Microphone, AMDIS</li> <li>- Trituradora de papel marca Fellowes</li> <li>- Estufa eléctrica</li> <li>- 4 Papeleras</li> <li>- 2 tablóns de corcho de 90cm x 60cm e de 120cm x 60cm</li> <li>- 8 cuadros</li> <li>- 4 expositores de lona</li> <li>- Archivadores</li> </ul>

ALCER Ourense: CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982

Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44

Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330

[alcerourense@hotmail.com](mailto:alcerourense@hotmail.com) – [www.alcerourense.com](http://www.alcerourense.com) – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense) – Twitter: [@AlcerOurense](https://twitter.com/AlcerOurense)



Asociación para a Loita Contra  
as Enfermidades Renais de Ourense

# ANEXO 1

## NOTICIAS DE PRENSA 2022

ALCER Ourense: CIF: G-32.011.041, Data de constitución: 29 de xaneiro de 1982

Nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, nº rexistro de entidades voluntarias O-44

Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS Aixiña, 32005 Ourense Tfno: 988 229 615 / 663 780 330

[alcerourense@hotmail.com](mailto:alcerourense@hotmail.com) – [www.alcerourense.com](http://www.alcerourense.com) – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense) – Twitter: [@AlcerOurense](https://twitter.com/AlcerOurense)







Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de Ourense

**COPE OURENSE: 10/03/2022 ( minuto 10)**

[https://www.cope.es/emisoras/galicia/ourense-provincia/ourense/audios/herrera-cope-ourense-20220310\\_1884436](https://www.cope.es/emisoras/galicia/ourense-provincia/ourense/audios/herrera-cope-ourense-20220310_1884436)

**TELEMIÑO, Informativos: 10/03/2022**

<https://www.teleminho.com/video/informativos/dia-mundial-do-ri/20220310175903041654.html>

**LA REGIÓN: 11/03/2022**

## Los enfermos renales, afectados por la subida del precio de la luz

En Ourense hasta 240 personas se dializan, una cifra que presenta un aumento anual

ARTÍCULO CATEGORÍA: OURENSE  
10/03/2022

La enfermedad renal crónica afecta a cerca de 240 personas en Ourense. Actualmente, 194 pacientes acuden periódicamente al hospital para recibir un tratamiento de hemodiálisis -filtración de la sangre para eliminar las toxinas- y otros 46 se tratan en casa con la diálisis peritoneal. Este proceso requiere conectar el aparato a la corriente, un factor que la subida del precio de la luz cambió la vida a muchos enfermos.

El incremento del precio obligó a muchos meses ha convivido con salidas, horarios y a conectarlo, por ejemplo, en horario nocturno, cuando la tarifa es más barata.

**"SE TES 40 ANOS E TES QUE DEXAR O TEU TRABALLO PORQUE TE DIAGNOSTICAN UN SER MO DIFÍCIL AFRONTALO ECONOMICAMENTE"**

ha. Carmen Derado, coordinadora de la Asociación para la loita contra as enfermidades do riñón (Alcer), indica que "as persoas que se dializan na súa domicilio están aumentando os custos para poder afrontar o gasto, sobre todo dependendo da idade. Se tes 40 anos, con poucos anos de vida, e tes que deixar o teu traballo porque te diagnostican, vai ser

